

Primavera das Letras

Na primavera de 1863 saíron dunha imprenta de Vigo os primeiros exemplares de 'Cantares Gallegos'.

Ninguén podía imaxinar que aquel libro de Rosalía de Castro marcaría un fito na historia de Galicia.

Con esta obra iníciase o chamado **REXURDIMENTO**

Sabías que...



se coñece con este nome a etapa na que, despois de séculos de esmorecemento, a cultura e a lingua galegas comezan unha etapa de esplendor.



Ademais de Rosalía de Castro, houbo dous autores que sobresaíron naquela etapa: Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Imos aprender algo máis dos tres. Busca algunha información sobre eles e logo relaciona con frechas.

AUTORES

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ
ROSALÍA DE CASTRO
EDUARDO PONDAL

LIBROS

FOLLAS NOVAS
QUEIXUMES DOS PINOS
AIRES DA MIÑA TERRA

COMARCAS

BERGANTIÑOS
CELANOVA
O SAR

PALABRA CHAVE

A CHEGADA DO TREN
HIMNO GALEGO
AS CAMPÁS DE BASTAVALES



REAL ACADEMIA GALEGA



En 1963, cando se cumprían cen anos da publicación do libro de Rosalía, a Real Academia Galega decidiu marcar un día no calendario que servise para festexar e promover as nosas letras.

Cada 17 de maio, no medio da primavera, celebramos que en Galicia temos unha lingua e unha literatura propias.

A través delas lembramos o pasado, nomeamos o presente e construímos o futuro.



Todo é posible coas nosas letras, con elas narramos o mundo:



Brincar



Porteira



Teixugo



Mergullador

Escrebe outras SEIS letras do abecedario e pon ao seu carón as palabras que che evocan. Comproba no dicionario se o significado era exactamente o que pensabas.

Primavera das Letras





A nosa literatura conta cunha longa tradición recoñecida alén das nosas fronteiras. Imos lembrar aquí algúns datos que igual te poden sorprenden.

Sabías que...



- O DOCUMENTO MÁIS ANTIGO EN LINGUA GALEGA QUE SE COÑECE FOI ESCRITO HAI PRETO DE 900 ANOS (CONCRETAMENTE EN 1228).
- A LITERATURA MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA ESTÁ CONSIDERADA UNHA DAS CIMEIRAS DA CULTURA EUROPEA DAQUELES SÉCULOS (DO XII AO XV).
- HOXE EN DÍA A NOSA LITERATURA ESTÚDASE EN UNIVERSIDADES DE PAÍSES TAN DISPARES COMO ALEMAÑA, ESTADOS UNIDOS, RUSIA, BRASIL OU FINLANDIA.
- 'MEMORIAS DUN NENO LABREGO', O LIBRO QUE PUBLICOU XOSÉ NEIRA VILAS EN 1961, É O MÁIS VENDIDO E TRADUCIDO DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA. CALCÚLASE QUE XA SUPEROU OS 600000 EXEMPLARES.
- NAS NOSAS LETRAS CONTAMOS CON AUTORAS E AUTORES MOI RECOÑECIDOS FÓRA DE GALICIA. UN EXEMPLO É O DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ, QUE CONQUISTA LECTORES EN MERCADOS TAN DIVERSOS COMA O INGLÉS, O FRANCÉS, O CHINÉS OU O ITALIANO.

A literatura galega traspasa as nosas fronteiras e sitúanos con voz propia no mapa do mundo.

E falando de mapas, ti sabes de que comarca vés sendo? Identifica e colorea a túa bisbarra. Coñeces algún escritor ou escritora que nacesse ou viva nela? Cóntanolo.



Primavera
das
Letras





Os idiomas fálanse, escribense, lense e mesmo se soñan.
E o máis importante é que nós conxugamos estes verbos todos os días.



Soñar



Ler



Escribir



Falar



O Día das Letras facémolo as 365 xornadas do ano. Ti tamén escribes.
Sabes o que son os microrrelatos? Pois son contos moi, moi curtos.
Dálle azos á túa imaxinación. Tes só este espazo para desenvolver o teu relato.

Primavera
das
Letras

